



## O Parlamento de Galicia convoca a cuarta edición do seu concurso escolar

- Está dirixido aos estudantes de todo o ensino obrigatorio e estrutúrase en tres modalidades
- Enmárcase na aposta para dar a coñecer o Parlamento entre os máis novos

**Santiago, 10 de decembro de 2013.-** O Parlamento de Galicia enviou este luns a todos os centros as bases da cuarta edición do seu concurso escolar que, baixo o lema “O Parlamento de Galicia contigo e polos teus dereitos”, busca a participación dos nenos e nenas escolarizados en calquera etapa do ensino obrigatorio na Comunidade Autónoma.

Ao igual que nas anteriores edicións, o concurso estrutúrase en tres modalidades, axustadas ás destrezas de cada grupo de participantes. A primeira delas, denominada “Imaxina a pintura” está orientada aos nenos de educación infantil, de 1º, 2º e 3º de educación primaria e de educación especial.

Os alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria e de 1º e 2º de secundaria poderán participar na modalidade “Escribe o teu conto”, mentres que os alumnos de 3º e 4º de educación secundaria poderán competir na modalidade “Exprésate”. Esta última é de expresión libre e permite concursar con calquera tipo de expresión creativa, como vídeo, fotografía, *spot* publicitario ou calquera outro relacionado coas tecnoloxías da información.

### Traballos colectivos

Todos os traballos que participen neste concurso deberán ser colectivos e elaborados por entre dous e cinco alumnas e alumnos. Cada clase só poderá presentar un traballo e cada colexio un máximo de cinco orixinais por modalidade. A selección efectuarase no propio centro.



Cada un dos gañadores recibirá como premio unha táboa dixital e un lote de libros, mentres que o grupo finalista será obsequiado cun MP5 e un lote de libros. A clase de cada un dos tres grupos gañadores recibirá como premio unha excursión de carácter educativo para visitar un lugar significativo de Galicia, mentres que o profesor ou profesora que supervisara o traballo gañador recibirá unha táboa dixital. O centro educativo de cada un dos grupos ganadores recibirá 2.000 euros para a organización de actividades extraescolares ou da biblioteca do centro.

O xurado encargado de elixir aos gañadores deste concurso estará integrado polo membros da Mesa do Parlamento de Galicia ou polos deputados ou deputadas nos que deleguen, e por un ou unha docente proposto polo Parlamento de Galicia.

O prazo de entrega dos traballos que opten ao concurso escolar do Parlamento de Galicia rematará o 3 de marzo de 2014.

### **Achegar o Parlamento aos máis novos**

O concurso escolar enmárcase na estratexia encamiñada a achegar o Parlamento de Galicia aos máis novos e forma parte dunha aposta máis ampla que inclúe outras accións como os plenos infantís, as charlas-coloquio de exdeputados en centros de secundaria, o programa de visitas guiadas ao Parlamento, a edición de material bibliográfico dirixido aos escolares e, máis recentemente, a exposición "51 páxinas das letras galegas", inaugurada a pasada semana e que en breve visitará diferentes puntos da Comunidade Autónoma.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.